

**ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 15 DE MARZO DE 2019 DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN ABERTO, REGULACIÓN ARMONIZADA, VARIOS CRITERIOS DE AXJUDICACIÓN, DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E OBRA CON PREVALENCIA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE “RENOVACIÓN PARCIAL E SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR”, PARCIALMENTE FINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REXIONAL (FEDER) MEDIANTE O PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE (POCS) 2014-2020, ACTUALMENTE INTEGRADO NO PROGRAMA OPERATIVO PLURIRREXIONAL DE ESPAÑA 2014-2020. (Expte. 6494/2018)**

Na Sala de Reunións da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as dez horas, do día 15 de marzo de 2019, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación do contrato mixto de subministro da “RENOVACIÓN PARCIAL DO SISTEMA INTELIXENTE DE XESTIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR”, que se constitúe para valorar a documentación presentada para a subsanación da documentación administrativa.

Seguidamente procederáse á apertura do sobre 2 que contén a documentación da oferta avaliable a través de criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e se dará traslado aos técnicos para a emisión del informe preceptivo.

Os integrantes da Mesa de Contratación son:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Carmen Gómez Otero, Interventora Municipal.
- D. Daniel Orrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal
- D. Manuel Fernández Cerdeira, Concelleiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, en substitución de Dna. Belen Louzao Vieites.

Asesor desta Mesa, D. Javier Regueira Miguens, Ingeniero del Grupo IDOM, consultora adjudicataria del servicio de asesoramiento en los Proyectos AESS 2020.

SECRETARIA DA MESA: Dna. María Jesusa Fernández Bascuas, Administrativo do Arquivo Municipal, adscrita ao Departamento de Secretaría.

Constituída a Mesa, a secretaria da conta de que a empresa **FERROVIAL SERVICIOS SA** procedeu a **subsana as deficiencias** atopadas na documentación administrativa, no Anexo III, entregando o listado de empresas coas que ten vinculación no prazo establecido ao efecto, polo que a Mesa acorda por unanimidade que continue no procedemento.

Seguidamente, a Mesa por unanimidade acorda que continúan na licitación as seguintes empresas:

- ALUMBRADOS VARIADOS S.A. (ALUVISA)
- SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS S.A.
- COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.
- FERROVIAL SERVICIOS S.A.

A continuación, e en acto de carácter público ao que non asiste ningún licitador, procedese a apertura da documentación que contén a parte da oferta avaliable a través de criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e os compoñentes da Mesa unha vez analizada a documentación que as empresas presentaron, por unanimidade, acordan solicitar o preceptivo informe técnico sobre as ofertas presentadas polos licitadores para a avaliación dos criterios de valoración establecidos no PCAP e a emisión do correspondente informe.

Unha vez emitido, dito informe someterase ao coñecemento e valoración pola Mesa de Contratación, e posteriormente á apertura do sobre ou arquivo electrónico 3 (oferta de criterios cuantificables en cifras ou porcentaxes), o cal será anunciado no Perfil do Contratante aloxado

na Plataforma de Contratación do Sector Público con indicación do día e a hora na que se celebrará a reunión.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)